

EXEMPLO REPRESENTATIVO

Que é un exemplo representativo?

É un exemplo, unha simulación, que che permite ver e entender de maneira clara e práctica como funciona o crédito que queres pedir.

Entrégacho o banco ou a entidade financeira á que lle pides o crédito.

Que información aparece no exemplo representativo?

- Unha cantidade de diñeiro que poderías pedir.
- O tipo de xuro que pagarás por este diñeiro; é dicir, o tipo de xuro nominal (TIN).
- Un prazo de tempo no que poderías devolver ese diñeiro.
- A cantidade de diñeiro que pagarás cada mes segundo a cantidade do crédito que se mostra no exemplo, é dicir, as cotas.
- Ás veces, pódete mostrar outros gastos do crédito, como, por exemplo, unha comisión de apertura.
- A taxa anual equivalente (TAE) do crédito, que inclúe o custo anual do crédito; é dicir, o xuro do crédito máis os gastos financiados.

Por que é importante o exemplo representativo?

Porque che axuda a entender
de maneira clara, práctica e sinxela
como funciona o crédito que queres pedir.

Con toda esta información, será moito máis fácil
decidir se che interesa contratar o crédito ou non.

Si tes máis dun exemplo representativo,
podes comparalos para decidir
que crédito che interesa máis contratar.